Espazos sonoros

Persistencias <<

Do 5 de setembro ao 8 de outubro de 2026

espazossonoros.org

Deputación DA CORUÑA

Espazos sonoros

Organiza
Deputación da Coruña
Área de Patrimonio e Contratación

Dirección artística e coordinación
Belén Bermejo López

Redacción
Andrés Díaz Pazos
Belén Bermejo López

Asesoramento lingüístico
Elvira Ribeiro Tobío

Deseño, imaxe e comunicación
Sirgo Torcendo S.L.

Maquetaxe
Cátia Leite

Produción técnica
Goyplasón S.L.

Apoio á produción
Miraxe, S.Coop. Galega

Imprime
Imprenta provincial da Deputación da Coruña

DL: XXXXXXX

Espazos sonoros

Espazos Sonoros convídanos, nunha nova edición, a participar desta singular experiencia de habitar o patrimonio histórico desde o exercicio da observación e da escoita. O patrimonio provincial convértese outra volta en protagonista dunha programación cultural de calidade na que os recunchos máis diversos da xeografía se converten en escenarios vivos. O patrimonio deixa de ser un decorado inmóbil para recuperar toda a súa dimensión humana e cultural, fortalecendo o vínculo entre as persoas e o territorio. Música, arquitectura, paisaxe e memoria compleméntanse así, posibilitando unha mellor comprensión do pasado e mantendo ao tempo unha ollada esperanzadora cara ao futuro.

Igrexas como San Tomé de Monteagudo, San Nicolao de Cis, Santiago da Pobra do Deán, o santuario da Nosa Señora da Laxe, o veterano teatro Alfonsetti ou o Ecomuseo Forno do Forte, acollerán un programa que combina rigor artístico cunha ampla variedade de propostas musicais e actividades, en estreita vinculación cos espazos.

A dimensión internacional do festival terá tamén un papel destacado nesta edición, grazas á colaboración entre Espazos Sonoros e a Sargfabrik de Viena, unha das institucións culturais máis senlleiras da capital austríaca. Será nun encontro no que artistas de Galicia e de Austria compartirán escenario nunha iniciativa que reforza os lazos culturais entre ambos os territorios para contribuír á difusión no exterior do patrimonio histórico provincial e da nosa cultura.

Sede, pois, novamente benvidas e benvidos a Espazos Sonoros.

Xosé Luís Penas Corral
Deputado de Patrimonio e Contratación

Espazos sonoros

Botamos a andar unha edición máis baixo o lema *Persistencias*. O que permanece, a constancia necesaria para manterse a pesar do paso do tempo, das mudanzas e das condicións adversas; a teimosía de seguir adiante.

A maltreita e, ao tempo, sobria beleza da ruína que ilustra o programa desta edición simboliza non só a decadencia, senón tamén a capacidade de perdurar máis alá do desgaste dos anos. É a metáfora de case dúas décadas dunha programación que leva percorrendo innumerables espazos do patrimonio galego. Ao longo delas temos atopado lugares maxestosos xunto a outros moitos estragados, marcados polo abandono e o esquecemento e que, a pesar de todo, parecían seguir atravesando o tempo cun porte e unha solidez inexplicables. Mesmo nos espazos máis fráxiles hai algo que persiste: unha pegada, unha memoria, un significado que continúa a interpelarnos.

Lonxe de aceptar a ruína como destino ou de celebrar o abandono como estética, Espazos Sonoros reivindica o patrimonio como algo que precisa ser coidado e transmitido, no entendemento de que non estamos ante simples contedores de historia ou beleza, senón de espazos nos que se sedimentan experiencias, coñecementos e formas de habitar o mundo. Porque o patrimonio non é só aquilo que herdamos, senón tamén aquilo que somos capaces de manter vivo. A súa conservación non pode ser un mero exercicio de nostalxia, senón un compromiso co futuro.

Con esa intención saímos na procura de novos espazos deixando que a música active neles, de maneira sensible e consciente, novas e inspiradoras lecturas.

Vémonos no mes de setembro!

Belén Bermejo López
Directora artística do festival Espazos Sonoros

SETEMBRO

Sábado 5 de setembro, 20.00 h
Le Miroir de Musique 12
SAN TOMÉ DE MONTEAGUDO, ARTEIXO (A CORUÑA)) 40
Coñece o teu patrimonio. Ás 18.00 h, visita guiada á igrexa 14

Sábado 12 de setembro, 19.00 h
Das Kolorit 16
TEATRO-CINE ALFONSETTI, BETANZOS (A CORUÑA) 42
Coñece o teu patrimonio. Ás 16.00 h, percorrido polo Betanzos monumental 18

Sábado 19 de setembro, 19.00 h
Reïna Lupa 20
SANTUARIO DA NOSA SEÑORA DA LAXE, VILASANTAR (A CORUÑA) 44
Coñece o teu patrimonio. Ás 16.00 h, pequeno percorrido polos muíños do río das Gándaras 22

Sábado 26 de setembro, 20.30 h
Sara Ruiz 24
IGREXA DE SANTIAGO DA POBRA DO DEÁN, A POBRA DO CARAMIÑAL (A CORUÑA) 46
Coñece o teu patrimonio. Ás 17.00 h, A Pobra de Valle-Inclán: un paseo entre historia e literatura 26

Domingo 27 de setembro, 19.00 h
Dúo Abeiro 28
FORNO DO FORTE, MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA) 48
Coñece o teu patrimonio. Ás 12.00 h, O Forno do Forte: barro, oficio e tradición 30

OUTUBRO

Sábado 3 de outubro, 19.00 h
Grupo 1500 32
SAN NICOLAO DE CIS, OZA CESURAS (A CORUÑA) 50
Coñece o teu patrimonio. Ás 16.00 h, visita contada por Quico Cadaval á igrexa de Santa María de Cuíña 34

Xoves 8 de outubro, 19.30 h
Serán Galego en Viena (3ª edición)
Galicische Nacht in Wien 36
SARGFABRIK, PENZING (VIENA) 52
Unha cooperación entre o festival Espazos Sonoros e Sargfabrik

COMO CHEGAR:

Para coñeceres a localización de cada un dos espazos, busca en Googlemaps o mapa de Espazos Sonoros 2026.

DEBES TER EN CONTA:

Os concertos son de balde e a entrada libre até completar a capacidade.

Nas actividades con prazas limitadas é imprescindible a inscrición previa nas datas establecidas. Deberase indicar expresamente para que data e que actividade se fai a reserva. É precisa unha reserva para cada actividade. Só se admitirán reservas realizadas a través do correo actividades@espazossonoros.org. Calquera solicitude de reserva feita a través de calquera outro medio ou enderezo ou fóra de prazo non será atendida.

Cada persoa poderá realizar un máximo de catro reservas.

Para a reserva deberase achegar un teléfono de contacto, así como o nome completo de cada unha das persoas participantes.

O día da actividade deberase presentar o código de referencia facilitado por correo electrónico coa formalización da inscrición.

As condicións de acceso ao Serán Galego en Viena, na Sargfabrik, pódense consultar na súa páxina web sargfabrik.at

Información detallada en www.espazossonoros.org.

A TÚA COLABORACIÓN É IMPRESCINDIBLE:

Lembra que temos que ser responsables co medio ambiente e co patrimonio visitado.

Antes de participar nas actividades, asegúrate de que a ruta se adapta ás túas capacidades físicas en función do percorrido e duración.

Unha vez formalizada a inscrición, procura avisar, no caso de non poderes asistir, co fin de deixarlles a túa praza a outras persoas interesadas.

Procura chegar puntual ás diferentes citas.

Lembra que facer fotos ou gravar vídeos pode resultar molesto para os intérpretes e para o resto do público. Por favor, respecta as indicacións que facilite o persoal de produción.

As persoas menores de 18 anos deberán ir acompañadas por un adulto maior de idade que se faga responsable. Non se recomenda a asistencia de menores de 8 anos, excepto que se trate de actividades especificamente deseñadas para esa franxa de idade. De asistiren, as persoas adultas coidarán, en todo momento, deles.

Espazos sonoros

Programa... 2026 >>

www.espazossonoros.org

© Jean-Baptiste MILLOT

///... Le Miroir de Musique

San Tomé de Monteagudo, Arteixo (A Coruña)

Sábado 5 de setembro, 20.00 h

ARS TROBAR ITALICA
O LEGADO DOS TROBADORES
NA ITALIA MEDIEVAL

Miriam Trevisan, soprano
Jacob Lawrence, tenor, fídula
Baptiste Romain, fídula, gaitas e dirección

O conxunto Le Miroir de Musique, especializado na música de transición entre a Idade Media e o Renacemento, pertence a unha nova xeración de intérpretes de música antiga nacida arredor da prestixiosa Schola Cantorum Basiliensis. Dirixido por Baptiste Romain, o seu traballo pon especial atención na procura dun son pleno e nunha comprensión matizada da intención musical orixinal e explora, ao tempo, diversas formas de virtuosismo instrumental. A imaxe do "espello musical" está tomada do tratado *Speculum musicae* de Jacobus de Liexa e reflicte a vontade de ofrecer unha visión viva dos repertorios que se interpretan, sempre desde o espírito das fontes orixinais.

Este programa explora como a poesía e a arte de trobar occitana perduraron na Italia medieval, traspasando fronteiras lingüísticas e culturais. Trobadores lendarios como Bertran de Born, coa súa ardente poesía política, Folquet de Marsella ou Arnaut Daniel —mestre da sutileza poética e eloxiado polo propio Dante— reviven a paisaxe sonora dunha tradición poética compartida á que se unen composicións italianas procedentes de fontes como o *Codex Rossi*, e que dan testemuño da influencia duradeira da poética trobadoresca no nacemento da canción en lingua vernácula en Italia.

miroirdemusique.com

>> Visita guiada á igrexa de San Tomé de Monteagudo

Arteixo (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 5 de setembro, 18.00 h

Para abrir a XIX edición do festival Espazos Sonoros, dirixirémonos ao concello de Arteixo, até San Tomé de Monteagudo, unha pequena igrexa de tres ábsidas románicas que se atopa nunha zona elevada, resgardada ao norte polo monte da Pedra Vella e ao sur polo Picoto da Veiga, nun contexto xeográfico de fonda pegada patrimonial medieval.

Esta igrexa pertenceu no seu día a un antigo mosteiro e é o único elemento que del se conserva. Arredor dela foi conformándose ao longo do tempo un núcleo rural que, na Idade Media, aparece documentado como Casal do Mosteiro.

Alí poderemos afondar na historia deste singular edificio e da súa contorna da man da profesora da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña, Estefanía López Salas, percorrendo os séculos de maior esplendor do mosteiro até a súa decadencia cara ao final da Idade Media.

Hora e lugar de encontro: 18.00 h,
no adro da igrexa
Coordenadas GPS: 43.28413, -8.577423
Inscrición: non é precisa inscrición

© Yat Ho Tsang

///... Das Kolorit

Teatro-Cine Alfonsetti, Betanzos (A Coruña)

Sábado 12 de setembro, 19.00 h

L'ARTE DI PASSEGGIARE

Jaume Guri Batlle, violín
Sophia Schambeck, frautas de bico
Mariona Mateu Carles, violón
Leon Serafin Jänicke, tiorba e guitarra barroca
Rosalía Gomez Lasheras, clave

Obras de Frescobaldi, Falconieri, Ortiz, Merula ou Francesca Caccini, entre outras.

Do termo italiano *passeggiare*, que significa 'pasear, deambular sen destino fixo, xeralmente cun propósito recreativo e de observación', deriva, en música, o termo *passeggio*, unha técnica amplamente empregada na música renacentista para ornamentar cancións coñecidas con improvisacións e virtuosos floreos. Así, o programa de hoxe, "paseará" a través de animadas danzas do sur de Europa, dos séculos XVI e XVII. Para iso, xunto co bailarín e musicólogo Olivier Foures o grupo desenvolve un formato de concerto orixinal, que explora o concepto do *passeggio* como movemento e ao tempo técnica de composición. Aínda que esta música teña xa 400 anos de antigüidade, resoará en concerto cun estilo fresco e renovado a través dunha coidada, accesible para quen ouve, e inspiradora instrumentación.

Cofundado pola galega Rosalía Gómez Lasheras, recoñecida pianista e intérprete de instrumentos antigos de tecla, Das Kolorit é un grupo especializado na interpretación, con instrumentos históricos, de música de cámara virtuosa, que explora novas sonoridades e perspectivas para un entendemento diferente da música clásica e crea unha atmosfera de concerto vibrante na que se percibe toda a emoción que os artistas tratan de transmitir.

daskoloritmusic.com

>> Percorrido polo Betanzos monumental

Betanzos (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 12 de setembro, 16.00 h

A vila de Betanzos, unha das cidades máis relevantes do antigo Reino de Galicia, conserva un dos conxuntos monumentais máis singulares do país. Para afondar na súa configuración, faremos un percorrido polo núcleo histórico que nos permitirá comprender a evolución da cidade e a súa importancia como enclave comercial, portuario e centro político, administrativo e xudicial.

O percorrido parte da praza dos Irmáns García Naveira e atravesa diferentes puntos e edificios de interese, tanto relixiosos —como as igrexas de Santiago e Santa María do Azougue— como civís, entre eles, a Porta da Ponte Vella e algúns dos elementos modernistas máis salientables da vila. A visita incluirá tamén a Casa Núñez, sede da Fundación CIEC, un destacado edificio deseñado polo arquitecto coruñés Rafael González Villar.

Hora e lugar de encontro: 16.00 h, na praza Irmáns García Naveira, xunto á estatua dos Irmáns García Naveira
Coordenadas GPS: 43.27924, -8.210632
Duración do percorrido: 2 h aprox.
Dificultade: baixa
Capacidade máxima: 65 persoas
Inscrición: do 8 ao 10 de setembro en actividades@espazossonoros.org

///... Reïna Lupa

Santuario da Nosa Señora da Laxe, Vilasantar (A Coruña)

Sábado 19 de setembro, 19.00 h

MONTEVERDIANA
MADRIGAIS E MOTETES
NO TEMPO DE MONTEVERDI

Alison Lau, Yerin Mira, sopranos
Javier Lupiáñez, Belén Sancho, violíns
David Mackor, tiorba
Cassandra Lukhardt, viola da gamba
Enrique López-Cortón, clave e dirección

Durante as primeiras décadas do Seicento italiano, o canto solista irase impoñendo progresivamente fronte á polifonía. A música simplifica a súa estrutura, centrada no baixo continuo e na melodía, mentres o italiano substitúe o latín e os temas mundanos e mitolóxicos gañan protagonismo. Neste contexto, o madrigal convértese na forma secular por excelencia, que acada o seu cumio na obra de Claudio Monteverdi.

O programa propón unha selección de madrigais e motetes para voz solista e dúo, xunto a obras de importantes compositores da vida musical veneciana como Alessandro Grandi ou Heinrich Schütz, o que configura un percorrido no que dialogan intimidade e grandeza, sensualidade e unha elevación expresiva propias do primeiro Barroco.

Fundado e dirixido por Enrique López-Cortón, músico coruñés que desenvolve unha frutífera carreira nos Países Baixos, Reïna Lupa é un *ensemble* de recente creación, con base en Ámsterdam, no que conflúen intérpretes de excepcional talento e diversas procedencias. A súa proposta busca establecer unha relación directa e viva co público contemporáneo e presenta estas músicas con autenticidade histórica para devolverlles a súa forza comunicativa no presente.

reinalupa.nl

© Kerron Riley

>> Pequeno percorrido polos muíños do río das Gándaras

Vilasantar (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 19 de setembro, 16.00 h

O paseo propón un pequeno percorrido por un treito da ruta do rego das Gándaras, á beira dun dos afluentes do Tambre. Ao longo deste atópase un impresionante conxunto de elementos etnográficos relacionados coa enerxía hidráulica, que tiveron grande importancia para o desenvolvemento da economía local, entre os que se encontran antigos muíños e un batán.

O sendeiro atravesa unha vizosa vexetación de ribeira, con salgueiros, bidueiros e abeleiras, e pasa por unha fermosa fervenza de gran beleza paisaxística. O percorrido comezará na igrexa románica de Santa María de Mezonzo desde onde baixaremos cara ao río para visitar unha central hidroeléctrica, os muíños da Mera, o do Crego, o do Batán e o batán de Mezonzo, unha instalación que servía para a compactación de tecidos grazas a dous mazos que se movían alternativamente pola acción da auga, batendo o pano para o seu entorpado.

O batán de Mezonzo sitúase no lugar do Batán, a carón dun salto de auga que se forma no río das Gándaras, moi próximo á súa desembocadura no Tambre. Forma parte dun conxunto de construcións entre as que se atopan tamén un muíño e un antigo mazadoiro de liño. A súa historia parece estar vencellada ao que foi o mosteiro de Mezonzo, que data de finais do século XII, e crese que foron os propios monxes os que o construíron. Estivo en funcionamento até o ano 1954.

Hora e lugar de encontro: 16.00 h, na igrexa de Santa María de Mezonzo
Coordenadas GPS: 43.06049, -8.134121
Duración: 2 horas aprox.
Distancia: 4,5 Km
Dificultade: media-alta
Capacidade máxima: 70 persoas
Inscrición: do 15 ao 17 de setembro en actividades@espazossonoros.org

© Lorena Oliver

///... Sara Ruiz

Igrexa de Santiago da Pobra do Deán, A Pobra do Caramiñal (A Coruña)

Sábado 26 de setembro, 20.30 h

TELEMANN
FANTASÍAS PARA VIOLA DA GAMBA

Sara Ruiz, viola da gamba

Sara Ruiz é unha das violagambistas españolas máis recoñecidas do panorama internacional. Formada en Sevilla, Trossingen e Lugano, colabora habitualmente con *ensembles* como Amsterdam Baroque Orchestra, Al Ayre Español, La Cetra Baroque Orchestra, La Grande Chapelle, La Tempestad, Armonico Tributo Austria ou a Orquestra Barroca de Sevilla, e desenvolve unha intensa actividade como solista e música de cámara.

Esta virtuosa intérprete, estreitamente vinculada a Galicia —onde exerce como catedrática de viola da gamba no Conservatorio Superior de Vigo e impulsa diversos proxectos pedagóxicos e artísticos—, presenta unha escolla das doce fantasías para viola da gamba soa de Georg Philipp Telemann. Trátase dunha obra redescuberta en 2015 e considerada un dos achados máis importantes dos nosos días en relación co repertorio para este instrumento. Grazas á nobre e poeta Eleonore von Münster (1734–1794), que gardou coidadosamente na súa biblioteca privada unha copia das fantasías, hoxe podemos escoitar esta xoia que, até hai ben pouco, se consideraba perdida.

>> A Pobra de Valle-Inclán: un paseo entre historia e literatura

A Pobra do Caramiñal (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 26 de setembro, 17.00 h

A Pobra do Caramiñal é unha vila de fonda raíz histórica, situada na cara sur da península do Barbanza, asomada á beira norte da ría de Arousa. Este percorrido, seguindo o trazado do antigo camiño real, permitiranos coñecer a orixe medieval da vila, a súa configuración urbana e descubrir, ao tempo, algúns dos seus edificios máis emblemáticos, tanto relixiosos como civís —entre eles, as igrexas e o teatro Elma—, para adentrármonos tamén na historia e nas lendas relacionadas con esta vila mariñeira e importante enclave do Camiño de Santiago.

Pechando o percorrido, visitaremos o Museo Valle-Inclán, situado na Torre de Bermúdez, un edificio do século XVI vinculado á familia do escritor galego Ramón del Valle-Inclán. A visita permitirá afondar na vida do autor e na súa produción artística, situando a súa figura no contexto social e histórico da época que lle tocou vivir.

Hora e lugar de encontro: 17.00 h, no Museo Valle-Inclán
Coordenadas GPS: 42.60353, -8.937622
Duración do percorrido e visita: 2 horas e media aprox.
Dificultade: baixa
Capacidade máxima: 60 persoas
Inscrición: do 22 ao 24 de setembro en actividades@espazossonoros.org

© Xosé Antonio Rodríguez Álvarez

///... Dúo Abeiro

Ecomuseo Forno do Forte, Malpica de Bergantiños (A Coruña)

Domingo 27 de setembro, 19.00 h

RAÍCES

Millán Abeledo, violonchelo
Xosé A. Rodríguez, guitarra

Aínda que non é insólita, a combinación de violonchelo e guitarra segue sendo unha fórmula pouco habitual nos escenarios de todo o mundo. Porén, existe un magnífico repertorio orixinal de autores ben coñecidos, sobre todo do século XX, que cultivaron esta formación, e certamente ambos os instrumentos constitúen unha fonte moi rica en sonoridades, timbres e técnicas que permiten traballar todos os aspectos expresivos da música de cámara. Coa vontade de poñer en valor o dúo de chelo e guitarra e os seus repertorios, e de ofrecerlle ao público unha nova perspectiva da música de cámara, nace o Dúo Abeiro, formado por dous músicos galegos de longa traxectoria e con intereses musicais diversos.

A música de autores como Manuel de Falla, Dušan Bogdanović, Atanas Ourkouzounov, Jaime Zenamon ou Andrés Gaos enfróntase así a unha nova lectura e escoita desde a perspectiva que lle proporcionan as cores destes dous instrumentos.

>> O Forno do Forte: barro, oficio e tradición

Malpica de Bergantiños (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 27 de setembro, 12.00 h

Buño convértese nesta xornada no escenario dunha intensa programación de actividades arredor do antigo oficio da olaría, que durante séculos estivo profundamente ligado á súa historia e á súa economía local. Visitaremos o Ecomuseo Forno do Forte, un conxunto de antigas casas nas que vivían e traballaban familias dedicadas á olaría e no que aínda se conservan o forno comunal, o alboio e un hórreo.

Ademais, contaremos coa presenza dun oleiro que fará demostracións en vivo do seu oficio e poderemos participar nun obradoiro de modelado do barro.

Plan da xornada
12.00 h — Encontro na entrada do Ecomuseo Forno do Forte e inicio das actividades
14.00 h — Xantar libre
16.30 h — Continúan as actividades
18.30 h — Apertura de portas para o concerto do grupo Abeiro
Coordenadas GPS: 43.26851, -8.782366
Capacidade máxima: 75 persoas
Inscrición: do 22 ao 24 de setembro en actividades@espazossonoros.org

///... Grupo 1500

San Nicolao de Cis, Oza Cesuras (A Coruña)

Sábado 3 de outubro, 19.00 h

LAUDATIO FUNEBRIS
CINCO PRANTOS PARA UN REINO

Tobie Miller, canto e frautas
Belén Bermejo, canto e percusión
Berta Ares, fídula
David Bellas, gaitas e frautas
Andrés Díaz, cítola, arpa, frautas e dirección

Que significaba morrer na Idade Media? Os prantos, un xénero literario moi estendido ao longo do período medieval —algúns deles escritos en galego-portugués—, dan mostra dun conxunto de prácticas culturais moi arraigadas na cultura medieval, nas que a morte non era só un feito biolóxico, senón tamén un acto social, político e artístico.

O programa do Grupo 1500 aborda os cinco prantos que teñen relación coa historia do Reino medieval de Galicia. Infelizmente, a meirande parte deles non conservan a música; de aí que o concerto non consista só na interpretación dunhas obras xa coñecidas, senón que lle achega ao público un laborioso traballo de creación. Desta maneira traerase ao presente un repertorio poético directamente vinculado coa Galicia medieval, moi pouco coñecido e cantado en diferentes linguas, entre elas o galego, pero tamén o occitano ou o latín.

grupo1500.es

O programa forma parte dun proxecto galardoado co primeiro premio, na edición 2025, do Certame Fondo de Proxectos Culturais Reino de Galicia da Deputación da Coruña.

© Mauro Sanín

>> Visita contada por Quico Cadaval á igrexa de Santa María de Cuíña

Oza Cesuras (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 3 de outubro, 16.00 h

Como complemento a unha tarde de música en San Nicolao de Cis, teremos a oportunidade de visitar a veciña igrexa de Santa María de Cuíña, un templo construído entre finais do século XII e o XIII, que alberga unha notable colección de pinturas do século XVI.

O noso guía será Quico Cadaval e o obxectivo non é unicamente ofrecer unha visita patrimonial senón, en conexión co concerto do Grupo 1500 —que terá lugar na igrexa de Cis—, prolongar musicalmente a experiencia narrativa e inmersiva arredor da concepción medieval da morte no Reino de Galicia: os rituais funerarios, a arte tumularia, os prantos, as procesións, as lendas populares e a presenza constante do alén na vida cotiá.

Precisamente na igrexa de Cuíña, se atopa unha interesante representación da Morte que permite achegarse a esa visión medieval na que o alén e a fin da vida estaban presentes de maneira constante. A través dunha narración en movemento, que comezará en San Nicolao de Cis e na que Quico Cadaval activa a tradición oral, a ironía, o humor e a reflexión histórica, o patrimonio transfórmase nun relato compartido.

Hora e lugar de encontro: 16.00 h, na igrexa de San Nicolao de Cis
Coordenadas GPS: 43.22183, -8.221510
Duración do percorrido e visita: 2 h aprox.
Distancia a pé: 3 km
Dificultade: baixa
Capacidade máxima: 60 persoas
Inscrición: do 29 de setembro ao 1 de outubro en actividades@espazossonoros.org

© Sofija Palurovic

© Kan Zhang

© Fernando Fraga

© David Bellas

© Maria Frod

© Nachock

///... Serán Galego en Viena (3ª edición)

Sargfabrik, Penzing (Viena)

Xoves 8 de outubro, 19.30 h

GALICISCHE NACHT

MÚSICA GALEGA ENTRE MEMORIA,
VANGARDA E EXILIO

Aliona Kalechyts-Pietrowskaja, violín e voz
Belén Bermejo, voz e percusións
David Bellas, frautas, asubíos e gaita
Nuno Estévez Pazó, acordeón
Desiree Wöhrer, viola da gamba
Andrés Díaz Pazos, vihuela, guitarra renacentista, cítola, frautas e dirección
Conduce, **Belén Bermejo**

A serie Serán Galego en Viena naceu hai tres anos coa idea de difundir a música, a lingua e a literatura galegas nesta cidade e estreitar lazos culturais coa capital austríaca. O primeiro serán estivo dedicado á poeta Luísa Villalta, que foi traducida ao alemán e recitada nun acto, tamén musical, polas poetas Eva Veiga e Lisa Furtner. O segundo estivo dedicado á lírica galega de tradición oral e ás músicas recollidas nos cancioneiros populares, con especial atención ás recompiladas e transcritas por Dorothé Schubarth, cuxo legado fora depositado a comezos dos anos noventa no Arquivo Fonográfico Austríaco. A realización destes dous seráns fíxose a través dunha liña de colaboración entre o festival Espazos Sonoros e o ViertelBarock Festival Wien, e puxo tamén o foco na difusión do patrimonio provincial coruñés entre o público vienés.

En 2026 refórzase esta liña de cooperación con institucións da capital austríaca para organizar un concerto arredor da música galega entre a vangarda, a tradición e o exilio, arredor da figura do compositor, etnomusicólogo e investigador Jesús Bal y Gay. A través do legado musical deste autor achegarémonos á música tradicional galega, á que lle dedicou gran parte do seu traballo, pero tamén á súa obra e ás súas conexións coas vangardas europeas. Centrarase a ollada no esforzo que Bal y Gay puxo en acadar, a través da música, unha universalidade que permitise a Galicia entrar nas principais correntes europeas do primeiro terzo do século XX.

O programa abordará obras do propio Bal y Gay, pezas tradicionais galegas incluídas no seu cancioneiro —algunhas delas informadas por Castelao— e pezas do século XVI transcritas por el mesmo. Visibilizarase así a cultura galega desde unha óptica menos coñecida, a través dun concepto musical que conxuga tradición e modernidade, e que se centra nun contexto cultural —o da Segunda República— no que o autor foi tamén protagonista. A música e a lingua galegas atoparán novamente, neste espazo dos seráns, o seu lugar como manifestacións culturais autorreferenciadas, nun contexto cultural e musical de grande altura como é a cidade de Viena.

Espazos sonoros

Espazos... 2026 >>

www.espazossonoros.org

San Tomé de Monteagudo

Arteixo (A Coruña)

Sábado 5 de setembro, 20.00 h >> Le Miroir de Musique

Coñece o teu patrimonio. Ás 18.00 h, visita guiada á igrexa

O que foi mosteiro beneditino de San Tomé de Monteagudo está situado nunha das parroquias do extremo suroeste do concello de Arteixo. Trátase dun exemplo do románico galego rural, tanto polas súas dimensións como pola súa planta basilical. A xulgar pola presenza de arcos apuntados e pola decoración nos capiteis, crese que a construción se realizou nas décadas iniciais do século XII. Do mosteiro consérvanse escasos documentos, os máis temperáns refírense ao lugar co nome de Monteacutum. Un destes documentos, datado en 1154, fai referencia a unha doazón de Afonso VII. Nel atribúeselle a fundación do cenobio ao bispo Sisnando. Outra mención recóllese nun documento de 1199, unha manda testamentaria de dona Urraca Fernández, filla do conde galego Fernando Pérez de Traba, o que permite deducir que no século XII o mosteiro gozaba xa de certa importancia.

Durante o proceso de centralización das ordes relixiosas en Galicia, no século XV, pasou a ser un priorado dependente de Santiago de Mens e, posteriormente, anexionado a San Martiño Pinario, até que pasou a depender da Colexiata de Santa María do Campo, na Coruña, por unha permuta entre este mosteiro e o de Santa María de Cambre. As dependencias monacais atopábanse na fachada sur e a comezos do XVII aínda se conservaba o claustro en ruínas, segundo consta nun documento de 1627.

Foron moitas as transformacións que sufriu o deseño orixinal, como a reconstrución da fachada occidental ou a adhesión dunha sacristía e dun soportal na fachada sur. A igrexa, de planta basilical, ten tres naves e tres ábsidas semicirculares na cabeceira, a central de maiores dimensións. Os muros da nave articulábanse orixinariamente con cinco contrafortes. No muro setentrional consérvanse catro deles, ao ser eliminado o quinto coa substitución da fachada románica pola actual. Entre o segundo e o terceiro atópase unha porta cegada na que se percibe aínda o seu trazado de medio punto. Na fachada meridional aínda se conserva a porta, tamén cega, que daba paso ás dependencias monacais. O edificio tiña un campanario independente pero acaroado na zona sur da cabeceira, algo frecuente no románico, que foi substituído pola espadana na fachada. As pedras do xa maltreito campanario foron utilizadas no século XVII para construír a igrexa dos agostiños de Caión.

Na parte traseira da igrexa atópase un interesante cruceiro con plataforma cúbica coa figura da custodia e un altar acaroado. A cruz é circular e leñosa con nós. No reverso represéntase a Cristo crucificado con tres cravos e as mans pechadas, con coroa de espiñas e pergamiño coas siglas INRI. Polo reverso da cruz fica a Virxe en actitude orante, cos dedos das mans entrelazados e sobre unha peaña na que asoma un anxo alado.



Teatro-Cine Alfonsetti

Betanzos (A Coruña)

Sábado 12 de setembro, 19.00 h >> Das Kolorit

Coñece o teu patrimonio. Ás 16.00 h, percorrido polo Betanzos monumental

Trátase dun espazo situado na praza Irmáns García Naveira, no corazón do concello de Betanzos, e integrado no que fora o antigo convento de San Domingos, abandonado tras a desamortización. En 1843 estaba prevista a súa demolición, iniciativa que sería freada pola mediación da Confraría de Ánimas, grazas á cal a igrexa abriría de novo ao culto, mentres que as dependencias do convento pasarían a ter diferentes usos.

O nome do teatro débese ao seu impulsor, o valenciano Mariano Alfonsetti García, militar que desenvolveu parte da súa carreira en Cuba até que regresou a España en 1881 e foi destinado ao Batallón de Betanzos, onde ficaría até 1884. Afeccionado ao teatro, fundou na cidade, ao pouco de chegar, unha Sección de Declamación, para o que lle solicitou ao Concello a cesión dun local para os ensaios dun pequeno grupo de teatro. O espazo concedeuse en 1882 no que fora o refectorio do convento e, daquela, comezou a funcionar como teatro. Xa baixo a xerencia da familia Pita, a encargada de confeccionar o tradicional globo de Betanzos, comezaría o seu uso como sala de cine. A primeira proxección que se fai no Teatro-Cine Alfonsetti ten lugar 1897, se ben con anterioridade se fixeran xa nel espectáculos precinematográficos con aparellos ópticos e escénicos como o tamátropo, o fantascopo, o zoótropo, así como espectáculos de sombras chinesas.

Como sala de cine, o Alfonsetti pasa por ser a máis antiga de España. Ao longo da súa historia sufrirá varios incendios e reformas nas que traballaron destacados arquitectos. Así, a comezos do século XX, Pedro Marino proxecta unhas obras para instalar un chan de madeira que permitía variar a inclinación en función do tipo de actividade que se desenvolvese no local, baile ou representación. Posteriormente, encárganse obras a Rafael González Villar, que proxectou incluso unha fachada nova para o edificio e levou a cabo a ampliación do número de localidades. Antonio Tenreiro modifica en 1952 a estética do cine para darlle a imaxe coa que chegaría a finais de século. A última das obras, promovida pola Deputación, entrado xa o presente século, deixaría o local co seu aspecto actual. O espazo é, a día de hoxe, de titularidade municipal e funciona como centro cultural.

Santuario da Nosa Señora da Laxe

Vilasantar (A Coruña)

Sábado 19 de setembro, 19.00 h >> Reïna Lupa

Coñece o teu patrimonio. Ás 16.00 h, pequeno percorrido polos muíños do río das Gándaras

Situada no lugar da Laxe, entre dúas parroquias divididas polo río Cabalar —a de Vilariño e a de Armental—, esta ermida foi construída sobre unha rocha xunto ao río como un dos exemplos de templo cristián que substitúe un culto anterior, neste caso dedicado á auga.

San Martiño de Braga fai mención, no século VI, dunha pequena ermida na cima dunha rocha rodeada por un río e con dúas fontes das que manan augas milagreiras. Segundo a lenda, no río Cabalar, ao pé dunha rocha, apareceu a imaxe en pedra dunha muller, feito que daría orixe ao santuario co nome da Nosa Señora das Augas.

O estado actual do conxunto nada revela da importancia que o santuario chegou a ter como lugar de peregrinación. No século XVI, debido ao aumento de xentes que peregrinaban ao lugar, o matrimonio dos Fandiño, do lugar de Cezar en San Vicenzo de Curtis, impulsou a construción dunha ermida máis grande, pagando ademais unha bula do papa Sixto V, que lle concedería ao santuario os mesmos privilexios da basílica de San Xoán de Latrán en Roma. En recordo disto, consta que se fixo unha furna, entre dúas columnas orientadas ao mediodía, que se foi enchendo con terra traída de Roma polos peregrinos e que se conservou até mediados do século XX.

O santuario chegou a contar cun reitor, un capelán maior, sete capeláns e serventas que, os sábados e días de festa, atendían os tres altares; así como varias confrarías, entre elas, unha encargada da celebración das catro festas da Nosa Señora. De aí que o retablo, polo seu interior, estea dotado dun curioso camarín que lles permitía ás persoas que alí acudían pasar por detrás da virxe e abrazala. Nas festividades da Nosa Señora, de todos os apóstolos e da Ascensión de Xesús celebrábase mercado, había música, danzas e comida festiva para os confrades. O recinto sacro, delimitado por catro cruceiros, tiña catro entradas, unha por cada punto cardinal. Nel había, ademais da igrexa, nove edificios, entre eles, hospital de peregrinos, escola gratuíta para a infancia, postos de venda de viño e carnes, cabalarizas e casas de comida.

O santuario gozaba de copiosos ingresos procedentes de esmolas, doazóns e das fundacións de misas, que non sempre se podían cumprir polo seu elevado número. De feito, consta que o pai de dona Emilia Pardo Bazán chegou a pedir explicacións polo estado das súas fundacións de misas no santuario da Laxe.

Coa desamortización cambiou a vida do santuario. Poxados os seus bens, o número de capeláns e os actos de culto reducíronse. O hospital e a escola pecharon, deixouse de pagar a bula e caeu o número de romeiros. O edificio foi deteriorándose até chegar a un estado ruinoso. Sería o actual párroco, don Miguel Estalote Gómez, quen impulsou a restauración que permitiu que volvese funcionar como igrexa.

(Información subministrada por Chelo Paz González, do Concello de Vilasantar)

Igrexa de Santiago da Pobra do Deán

A Pobra do Caramiñal (A Coruña)

Sábado 26 de setembro, 20.30 h >> Sara Ruiz

Coñece o teu patrimonio. Ás 17.00 h, A Pobra de Valle-Inclán:
un paseo entre historia e literatura

No corazón da Pobra do Caramiñal érguese a igrexa de Santiago, construída entre finais do século XIV e comezos do XVI. Garda similitudes con outras igrexas como a de San Martiño de Noia, nun estilo que xa avanza cara ao Renacemento, cunha soa nave de bastante amplitude e ábsida poligonal. Non hai constancia certa da fundación dunha parroquia neste lugar, que debeu producirse nalgún momento ao longo da Idade Media, arredor dunha poboación de pescadores, de aí o nome de "Pobra". Este lugar era de xurisdición eclesiástica, ligado ao deán da catedral de Santiago, polo que o nome do concello que se formou a partir deste núcleo foi o da Pobra do Deán. Até o século XIX sería concello independente xunto ao veciño do Caramiñal, que neste caso era de xurisdición señorial, vencellado á familia dos Xunqueiras.

A primitiva parroquia debeu segregarse da de Postmarcos, a escasos tres quilómetros ao norte e un pouco máis cara ao interior. Esta non é outra que a antiquísima parroquia de *Pestemarcos*, xa citada no famoso Parroquial suevo (séculos V-VI), dependente da sé de Iria Flavia. Mais dunha posible fábrica románica anterior nada queda e a actual igrexa, como se ten dito, constrúese a finais da Idade Media sobre os restos dun primitivo castelo pertencente ao deán de Santiago que fora destruído nas revoltas irmandiñas no ano 1457.

O exterior do templo é relativamente austero e, entre os elementos máis destacables, atopamos a citada ábsida poligonal, de finais do século XIV, e algunhas esculturas de interese. Entre elas, podemos sinalar, na fachada, a de Santiago peregrino, canda Santa María, Santa Catarina de Alexandría, San Pedro e San Paulo. Na parte superior, chama a atención a presenza de dous músicos, de estilo barroco, un deles tocando unha guitarra. En contraste co exterior, o interior é de gran riqueza. A nave central está flanqueada por sete capelas laterais, entre as que destaca, de xeito sobranceiro, a capela de Alba, do século XVI. Esta capela contén tres magníficos retablos pétreos. O da esquerda orbita arredor da figura de María Inmaculada, patroa da Confraría dos Clérigos da Concepción, cunha mensaxe arredor da morte. Pola súa banda, o Ecce Homo do retablo central e o altar oposto contrapóñense a esa idea por medio da Paixón e Resurrección de Cristo, de xeito que, en palabras do estudoso Xoán Manuel Neira Pérez, a capela é "un canto á vida fronte á morte". O resto das capelas albergan outros interesantes retablos e imaxes barrocas, entre as cales sobresae a figura do Nazareno, fronte á capela de Alba, cuxo culto congrega milleiros de persoas de todo o territorio galego o terceiro domingo de setembro, o que converte o templo nun dos grandes focos de devoción popular de Galicia.



Ecomuseo Forno do Forte

Malpica de Bergantiños (A Coruña)

Domingo 27 de setembro, 19.00 h >> Dúo Abeiro

Coñece o teu patrimonio. Ás 12.00 h, O Forno do Forte: barro, oficio e tradición

Situado na parroquia de Santo Estevo de Buño, o conxunto etnográfico do Forno do Forte está conformado por un grupo de antigas casas de persoas que desenvolvían o oficio da olaría. O complexo contaba con vivendas, obradoiro, forno, hórreo e o cabanote, un alboio para o almacén de leña, barro e utensilios de labranza; e foise conformando ao longo dos séculos XVIII-XIX a partir dunha vivenda agrícola que cambiou de función para que nela se asentasen familias dedicadas á olaría.

Buño, como centro oleiro, mantivo ao longo da historia unha intensa actividade no traballo do barro debido á existencia neste lugar dun depósito de arxila de moi alta calidade arredor do que se foi desenvolvendo unha industria oleira. O xacemento, situado a dous quilómetros da vila, leva o nome de Couto dos Barreiros. A actividade oleira en Buño remóntase probablemente á antigüidade e o traballo da olaría aparece xa recollido na documentación municipal como oficio tradicional desde o século XVI. Do século XVI son tamén as referencias que documentan que, de tornos de mestres da vila, saíron os canos de barro vidrado que se empregaron para a canalización das augas da traída da Coruña. En Buño, unha gran parte da poboación tivo, ao longo do tempo, algunha relación coa olaría. No catastro de Ensenada de 1753 figuran na vila 63 obradoiros nos que traballaban uns 70 oleiros e, arredor das pezas cerámicas saídas destes talleres, desenvolveuse un importante comercio. Sería xa no século XX, alá polos anos 40, cando o sector entra en crise, en parte polo éxodo ás cidades, pero tamén como consecuencia da emigración, pois xa non era posible vivir da olaría.

O Forno do Forte foi rehabilitado para uso museístico en 1999 pola Deputación da Coruña e pasou a formar parte do patrimonio provincial e ser xestionado, na actualidade, polo Concello de Malpica. O museo permite retroceder no tempo e adentrarse no que foi a vida tradicional das persoas que se dedicaron á olaría en Buño e achegarse aos saberes relacionados con este oficio. Nel pódense visitar as casas dos oleiros, de estrutura funcional e con dúas plantas. No andar inferior dispúñase a cociña e o obradoiro de cerámica e, no superior, estaba o dormitorio e o fumeiro ou secadoiro de pezas.

O impresionante forno cerámico que aínda se conserva no interior do conxunto, entre as vivendas, o hórreo e o cabanote, é o último forno comunal construído en Buño. Nel coceríase con regularidade até os anos 60, momento no que comezou a reducir a súa actividade até parar definitivamente nos anos 70 do século XX.

Igrexa de San Nicolao de Cis

Oza Cesuras (A Coruña)

Sábado 3 de outubro, 19.00 h >> Grupo 1500

Coñece o teu patrimonio. Ás 16.00 h, visita contada por Quico Cadaval á igrexa de Santa María de Cuíña

No concello de Oza Cesuras atópase unha igrexa relativamente descoñecida do noso patrimonio arquitectónico, e que é, sen dúbida, o edificio relixioso de máis interese no concello. Trátase da igrexa de San Nicolao de Cis, que formaba parte do antigo mosteiro de San Salvador, un dos poucos exemplos de templo de estilo oxival con tres naves de Galicia.

O mosteiro foi fundado cara a fins do século IX polo nobre Aloitio e a súa esposa Paterna como mosteiro familiar dúplice. Os descendentes destes nobres foron favorecendo o mosteiro e doáronlle igrexas, aldeas e mesmo o mosteiro de Santa Baia da Espenuca en 1063, que funcionou desde entón como priorado de San Salvador. Con posterioridade pasou á poderosa familia dos Traba e deixou de ser dúplice tras un preito entre Pedro Froilaz de Traba e o abade Nuño, no que tivo mesmo que mediar o papa Pascual II. Suponse que durante o século XII o mosteiro pasou a adoptar a regra de san Bieito, e será xa nos anos 60 do século XIV cando comece a edificación da actual igrexa, que se remataría a fins dese século coa axuda de Fernán Pérez de Andrade, o *Boo*.

Coa reforma dos mosteiros galaicos decretada polos Reis Católicos, e tras un breve período que funcionou como abadía, o mosteiro foi anexionado ao mosteiro compostelán de San Martiño Pinario e quedou reducido a priorado deste mosteiro ata a desamortización de Mendizábal no ano 1836, cando se transformou en igrexa parroquial baixo a advocación de san Nicolao.

O templo, que como dixemos foi construído a finais do século XIV, é bastante amplo e ten tres naves e tres ábsidas poligonais, con planta basilical. As ábsidas, no seu deseño, recordan as das ordes mendicantes, os franciscanos e dominicos, que por esas mesmas datas estaban a construír os seus templos nas vilas galegas, por exemplo na próxima Betanzos. Os capiteis do interior están decorados con diversas escenas da Anunciación e feitos da vida de Xesús. Destaca especialmente un, ao lado do arco triunfal, onde se representa unha *psicomaquia*, é dicir, unha loita interior da alma. Disque é unha representación única na arte galega. Neste caso, a loita entre o Vicio e a Virtude simbolízase mediante o combate duns animais (xabaril e león) contra unhas damas armadas con espadas e co escudo dos Castro, primeiros promotores da reedificación da igrexa. No exterior tamén son destacables os tímpanos das portas. O da principal representa o Salvador, que amosa as chagas das mans, xunto con san Bieito e san Bernardo (ou san Nicolao, segundo outros estudosos). O da porta lateral representa a Epifanía ou Adoración dos Reis Magos, un tema recorrente no gótico galego. No exterior tamén destacan, tanto no testeiro coma na fachada principal, dous rosetóns de mérito, ademais dun ciborio a catro augas que sobresae lixeiramente en altura.

Sargfabrik

Penzing (Viena)

Xoves 8 de outubro, 19.30 h >> Serán Galego en Viena (3ª edición)

Galicische Nacht in Wien

A Sargfabrik é unha antiga fábrica vienesa de cadaleitos fundada durante a época imperial, a finais do século XIX, e activa até os anos 70 do século XX, que hoxe é un centro de referencia da cultura vienesa. Situada no distrito 14, forma parte dun complexo residencial pioneiro que viu a luz en 1996; un proxecto ideado sobre a base dun sólido compromiso social, sostible na arquitectura e innovador, na procura doutras formas de convivencia urbana. O macabro contraste entre as connotacións do solar e unha proposta que se presentaba como alternativa aos modelos convencionais de vida, non freou as aspiracións das persoas promotoras. A idea de base invertía os termos: de fábrica de féretros a fábrica de vida no comunitario e no cultural.

Do antigo edificio consérvanse partes orixinais, como os cimentos e a cheminea. Os sotos da sala de concertos son os orixinais da fábrica e alí fican aínda algúns cadaleitos. Os edificios pintáronse da cor laranxa dos ladrillos da antiga factoría, o que avanza unha diferente maneira de entender este novo complexo residencial. O que podía ter quedado en experimento social converteuse nun proxecto urbano con aspiracións sociopolíticas e culturais. Xunto ás vivendas, fóronse incorporando espazos compartidos para a cultura, o encontro e a vida diaria: salas de conferencias, biblioteca, cafetería, zonas verdes, hortas e xardíns nos tellados, nos que tamén ten lugar un festival de música. Non se trata de vivendas ao uso, senón dunha comunidade viva onde todas as persoas se coñecen e onde se dispón de múltiples servizos compartidos. A sala de concertos ten unha intensa programación propia, ademais de eventos externos. Todo isto sitúase dentro da liña curatorial que marca a casa: unha proposta aberta e multicultural. Lonxe física e conceptualmente dos circuítos culturais oficiais vieneses, o local ten un público consolidado e é xa lugar de referencia, cun programa estable de alto nivel. No ano en que se celebran os trinta desde a apertura do primeiro bloque de vivendas da Sargfabrik, esta emblemática sala acolle o festival Espazos Sonoros nun serán no que dous proxectos culturais, cunha liña de traballo próxima e afín, se atopan para compartir co público vienés unha maneira de facer cultura que, desde o noroeste atlántico, conecta pensamento, identidade e territorio.

© Felix Vollmann

Espazos sonoros

Entidades colaboradoras... >>

www.espazossonoros.org

E tamén o noso agradecemento a...

> Jacinto Collazo Gantes, párroco de San Tomé de Monteagudo
> Slawomir Kondzior, párroco de San Nicolao de Cis
> Miguel Estalote Gómez, reitor do santuario da Nosa Señora da Laxe
> José Soneira Lema, párroco de Santiago da Pobra do Deán
> Ramón González Outeiral, sancristán de Santiago da Pobra do Deán
> María del Carmen Iglesias, sancristá de San Tomé de Monteagudo
> Consuelo Paz González, estudosa da Nosa Señora da Laxe

ORGANIZA:

Deputación DA CORUÑA

COLABORA:

Arteixo

Concello de Betanzos

VILASANTAR
Un refuxio natural

A POBRA DO CARAMIÑAL CONCELLO

MVSEO VALLE-INCLÁN A POBRA DO CARAMIÑAL

CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)

ECOMUSEO FORNOdoFORTE

ARCHIDIÓCESIS DE santiagocompostela

SARG FABRIK

Deputación
DA CORUÑA